

V Festival Internacional "Peregrinos Musicais"

A Asociación Peregrinos Musicais coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e outras institucións de Galicia está a organizar o V Festival Internacional "Peregrinos Musicais".

Esta iniciativa creada para apoiar os novos talentos musicais constitúe unha oportunidade única para que os músicos noveis poidan traballar conxuntamente con mozos e mozas da Fundación Mstislav Rostropóvich e da Fundación Vladimir Spivakov de Moscova.

As actividades previstas terán lugar na segunda quincena de setembro, e culminarán cun concerto de clausura da Real Filharmonía de Galicia coa colaboración do alumnado que participe no encontro.

Para participar no proceso o alumnado deberá ter **entre 12 e 21 anos**.

As propostas deberán ser remitidas como **máximo ata o 15 de xuño de 2015** ao enderezo electrónico festival@peregrinosmusicales.com e deberán incluír a seguinte información:

- Currículum vitae
- Formulario de solicitude do alumno
- Programa a interpretar, que contará de dúas partes:
 - i) Varias pezas de libre elección cunha duración máxima de 15 minutos (obrigatorio)
 - ii) Un movemento de concerto (opcional no caso de querer tocar coa orquestra)

Para confirmar a participación nas audicións deberase aboar unha cota de inscrición de 40 euros.

O xurado responsable da selección designará os/as aspirantes que finalmente participarán no encontro.

O alumnado seleccionado participará, xunto con outros músicos noveis rusos, nos concertos e actividades do V Festival Internacional "Peregrinos Musicais".

Máis información no espazo web de Peregrinos Musicais:
<http://www.peregrinosmusicales.com/festival/inscribete-para-participar-en-el-iv-festival-2014/?lang=gl>